



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Deputación Permanente
Número 3

**Sesión da Deputación Permanente
29 de agosto de 2017**

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Solicitud de convocatoria dunha sesión extraordinaria por parte dos GG.PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, coa seguinte orde do día:

1. Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, para dar explicacións sobre a súa renuncia a defender a tramitación da Lei de transferencia da AP-9, rompendo a unanimidade das forzas políticas galegas e o mandato claro da institución parlamentaria.
2. Comparecencia do conselleiro de Sanidade, para dar explicacións das motivacións e liñas estratéxicas do Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que foi publicado no portal de transparencia da Xunta de Galicia, o día 2 de agosto do presente ano.
3. Comparecencia do conselleiro de Educación e Cultura, para explicar que vai facer a Xunta de Galicia para evitar que durante o verán as visitas ao pazo de Meirás se convertan, por medio da Fundación Francisco Franco, nunha escusa para a apoloxía da ditadura franquista, o odio e o xenocidio.

SUMARIO

Ábrese a sesión ás doce e cinco minutos do mediodía.

Logo de abrir a sesión, o señor presidente solicítalle ao secretario da Mesa que comprobe a asistencia. (Páx. 4.)

O señor secretario (Losada Álvarez) le a relación dos membros da Deputación Permanente, que van confirmando a súa asistencia ou, se é o caso, informando das substitucións. A continuación, comunícalle ao señor presidente a existencia de quórum. (Páx. 4.)

Solicitud presentada polos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego para a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno coa seguinte orde do día:

1. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para dar explicación sobre a súa renuncia a defender a tramitación da Lei de transferencia da AP-9 rompendo a unanimidade das forzas políticas galegas e o mandato claro da institución parlamentaria.

2. Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade para dar explicación das motivacións e liñas estratéxicas do Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que foi publicado no portal de transparencia da Xunta de Galicia o día 2 de agosto do presente ano.

3. Comparecencia do Sr. conselleiro de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria para explicar o que vai facer a Xunta de Galicia para evitar que durante o verán as visitas ao pazo de Meirás se convertan, por medio da Fundación Francisco Franco, nunha escusa para a apoloxía da ditadura franquista, o odio e o xenocidio.

O señor presidente procede a informar sobre a ordenación do debate e os tempos de intervención dos grupos. (Páx. 5.)

Rolda dos grupos proponentes: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 5.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 7.) e Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 9.)

Rolda de portavoces: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 11.)

Rolda de réplica dos grupos proponentes: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 16.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 19.) e Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 20.)

Votación da solicitude de convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno por petición dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego: rexeitada por 9 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención. (Páx. 22.)

Remata a sesión ás doce e cincuenta e cinco minutos do mediodía.

Ábrese a sesión ás doce e cinco minutos do mediodía.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Imos dar comezo á sesión da Deputación Permanente, e para iso prégoles ao secretario — neste caso o deputado Abel Losada— que comprobe a asistencia.

O señor SECRETARIO (Losada Álvarez): Grazas, señor presidente.

Álvarez Martínez, Luis Manuel: Si.

Arias Rodríguez, Raquel: Si

Conde López, Francisco José (*substituído por D^a Sandra Vázquez Domínguez*).

Cuña Bóveda, María de los Ángeles: Si.

Fernández Gil, César Manuel: Si.

Fernández Leiceaga, Xoaquín María: Si.

Mato Otero, Beatriz (*substituída por D^a Marta Nóvoa Santos*).

Núñez Feijóo, Alberto (*substituído por D^a Marta Rodríguez Arias*).

Pontón Mondelo, Ana Belén: Si.

Prado del Río, Paula: Si.

Puy Fraga, Pedro: Si.

Rodil Fernández, Olalla (*substituída por D^a Montserrat Prado Cores*).

Romero Fernández, Cristina Isabel: Si.

Rueda Valenzuela, Alfonso (*substituído por D^a Teresa Egerique Mosquera*).

Sánchez García, Antón: Si.

Santos Queiruga, Carmen: Si.

Tellado Filgueira, Miguel Ángel: Si.

Vilán Lorenzo, Patricia: Si.

Villares Naveira, Luis (*substituído por D. Marcos Cal Ogando*).

Están presentes os membros da Mesa da Deputación Permanente, D. Miguel Ángel Santalices Vieira, D. Diego Calvo Pouso e eu mesmo, en substitución de D^a Noela Blanco Rodríguez.

Polo tanto, hai quórum.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor secretario.

Solicitud presentada polos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego para a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno coa seguinte orde do día:

1. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para dar explicación sobre a súa renuncia a defender a tramitación da Lei de transferencia da AP-9 rompendo a unanimidade das forzas políticas galegas e o mandato claro da institución parlamentaria.

2. Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade para dar explicación das motivacións e liñas estratéxicas do Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que foi publicado no portal de transparencia da Xunta de Galicia o día 2 de agosto do presente ano.

3. Comparecencia do Sr. conselleiro de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria para explicar o que vai facer a Xunta de Galicia para evitar que durante o verán as visitas ao pazo de Meirás se convertan, por medio da Fundación Francisco Franco, nunha escusa para a apoloxía da ditadura franquista, o odio e o xenocidio.

O señor PRESIDENTE: A ordenación do debate xa é coñecida.

Aos grupos parlamentarios que formularon a solicitude da reunión desta Deputación Permanente correspóndelles un tempo repartido de 15 minutos. A rolda do grupo parlamentario non propoñente é por un tempo de 10 minutos. E a rolda de peche dos grupos que solicitaron a convocatoria desta Deputación Permanente ten un tempo tamén de 9 minutos para repartir entre eles.

Polo tanto, comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios propoñentes. *(Pausa.)*

Neste caso comeza o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e para iso ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día a todas e a todos.

Vostede xa fixo referencia aos temas polos que solicitamos a comparecencia, pero hai un dato que para nós é relevante tamén no debate desta Deputación Permanente. Hoxe é día 29 de agosto, esta solicitude rexistrouse o 7 de agosto e é evidente que en todo este tempo perdemos unha oportunidade preciosa para poder abordar temas que nós consideramos que son importantes, como é a situación na que se atopa a transferencia da AP-9 despois do que só podemos cualificar como unha puñalada de Alberto Núñez Feijóo aos acordos deste Parlamento. En segundo lugar, a comparecencia do conselleiro de Sanidade para dar explicacións sobre os novos pasos que dá o Partido Popular nesta política de recortes e privatizacións na sanidade pública. Ou, por último, dar explicacións e tomar actuacións —porque iso tamén sería relevante— ante un feito que desde o noso punto de vista é un escándalo, e é que vemos o trato de favor por parte da Xunta de Galiza á familia Franco fronte aos incumprimentos da lei e a provocación e o disparate de converter o pazo de Meirás nunha especie de parque temático do franquismo, co que iso supuxo para este país.

Nós vemos con claridade que o retraso nesta convocatoria seguramente non é casual. Houbo tempo abondo como para poder facela moito antes. E eu o que agardo é que a escusa que agora nos poña o Partido Popular para que non se convoque este pleno non sexa precisamente o tempo. Porque a solicitude dos grupos da oposición fíxose con tempo e, polo tanto,

puidemos ter aproveitado todo o mes de agosto para tomar decisións importantes en ámbitos que son relevantes.

Polo tanto, nós agardamos que este mes de agosto remate coa comparecencia do presidente da Xunta, porque realmente estamos falando de temas que son moi importantes. Se Rajoy, señoras e señores do Partido Popular, pode comparecer mañá no Congreso para falar de corrupción, nada impide que pasadomañá o presidente da Xunta poida comparecer nesta Cámara para explicar por que traizo a Galiza descolgándose da solicitude de transferencia da AP-9, por que se cociñan durante o verán novos recortes e a privatización de algo tan importante como é a sanidade pública ou como pode a Xunta de Galiza permanecer impasible ante o escándalo democrático de ver como se converte o pazo de Meirás nun parque temático franquista coa complicidade do Partido Popular e da Xunta.

O tempo é moi escaso e, polo tanto, de cada un destes temas podemos falar moi pouco para xustificar a necesidade e a oportunidade de que se produza este pleno.

Temos moi claro que, en relación coa AP-9, non pode pasar un minuto máis sen que o presidente da Xunta de Galiza dea explicacións no Parlamento de como é posible que se descolgue da solicitude de comparecencia unánime de todos os grupos e que se poña do lado do Goberno central, do lado do Goberno de Rajoy, que o único que vai facer nesta materia é seguir subíndolles as peaxes aos galegos e ás galegas.

Desde o Bloque cremos que corenta anos de peaxes da AP-9 e 800 millóns de beneficio é suficiente lucro para esta empresa, e que non é de recibo que se continúe con esta estafa legal e cunha situación de absoluto abuso. Por iso nós propuxemos no seu momento a lei para conseguir a transferencia da AP-9. E, tanto tempo despois, temos que lamentar que ao longo destes meses o único que vimos foi unha carreira de obstáculos e mentiras na que o Partido Popular parece empeñado en poñerse do lado dos que non queren que nada cambie.

E eu creo que é importante dicir con claridade aos galegos e ás galegas que teñen que saber que a responsabilidade de que non se consiga a transferencia da AP-9 non ten que ver nin con Cataluña ni co suposto desequilibrio das contas públicas, senón que a responsabilidade ao final é do Partido Popular e de Alberto Núñez Feijóo, que parecen empeñados en defender os intereses de Audasa, da concesionaria, os beneficios multimillonarios que esta empresa obtén, e non en defender unha xestión ao servizo deste país e poñerlle freo á estafa das peaxes.

E a nós gustaríanos que esta comparecencia servira non só para que o presidente da Xunta nos dera explicacións senón para que cambiara de criterio e que realmente manteñamos unha fronte común en Galiza en defensa da transferencia da AP-9 como o primeiro paso para acabar cunhas peaxes que —insisto— son unha auténtica estafa.

O segundo asunto que propoñemos para este pleno extraordinario é tamén un asunto que, como comprenderán, alarma a cidadanía, non só os grupos da oposición. E é ese novo proxecto de reformar a Lei de sanidade. É unha comparecencia que nós cremos que é inescusable porque estamos ante un novo ataque á sanidade pública feito con nocturnidade e aleivosía,

presentando un anteproxecto durante o verán, sen información, sen participación, cun espazo moi pequeno para que se poidan facer aportacións. Pero, sobre todo, é unha lei que ten un significado, desde o punto de vista ideolóxico e práctico na sanidade e, polo tanto, na vida das persoas, que é moi importante. Estamos falando de que a Xunta de Galiza prevé cargarse cinco áreas sanitarias. E, polo tanto, iso vai repercutir negativamente na xestión destes hospitais. Pero é que prevé algo que desde o noso punto de vista é tan relevante coma isto, e é cambiar cal debe ser a prestación dos servizos sanitarios.

Se na lei que temos neste momento en vixencia di que a prestación de servizos sanitarios ten que facerse tendo en conta as necesidades sanitarias da poboación, o anteproxecto cambia isto —e isto é algo moi importante— e o que nos di é que se fará tendo en conta os recursos sanitarios existentes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: É dicir, que temos a modificación do artigo 155 da Constitución aplicado á sanidade pública cun novo recorte que vai repercutir dunha maneira clarísima na prestación da sanidade e, polo tanto, na vida das persoas.

E, por último, en relación co pazo de Meirás, nós pensamos que a Xunta ten unha responsabilidade directa en todo o escándalo democrático que estamos vendo en relación con este pazo. Sobre todo porque, se cando hai unha situación tan grave e existen instrumentos non se actúa, a Xunta estase poñendo dun lado. E neste caso claramente se está poñendo do lado da familia Franco e de seguir mantendo o auténtico escándalo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que se está producindo en relación con este pazo.

Polo tanto, nós agardamos que este mes de agosto finalice coa celebración dun pleno extraordinario no que a cidadanía galega escoite e os grupos políticos poidamos exixirlle responsabilidades á Xunta de Galiza ante asuntos tan importantes que estiveron pasando neste mes de agosto, cun Parlamento pechado e sen existir ningunha razón para que isto fora así.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Moi bos días a todos e a todas, señor presidente.

Non vou reiterar algúns dos argumentos que xa foron expostos en relación coa convocatoria desta Deputación Permanente senón utilizar o tempo que nos deron para explicar a nosa posición sobre estes tres asuntos.

En relación co primeiro —moi brevemente, porque xa houbo unha convocatoria da Deputación Permanente no mes de xullo onde explicamos con claridade a nosa posición sobre este

tema— habería que dicir que, en resumo, sobre a AP-9 a vida segue igual. Non hai absolutamente ningunha novidade sobre este tema. E, sen embargo, posiblemente, dados os encontros políticos habituais que hai durante este mes de agosto no lado do Partido Popular —aínda houbo un moi recentemente coa participación de Alberto Núñez Feijóo e do presidente Mariano Rajoy—, pois sería un bo momento para reiterar a posición deste Parlamento e que o presidente da Xunta puidera trasladarlle ao presidente do Goberno a fortaleza que hai en Galicia en relación con este tema, onde en principio hai unha posición unánime de todos os grupos sobre este asunto. E, sen embargo, non foi así.

Pero vou estenderme un pouco máis nos outros dous asuntos que motivan a petición de comparecencia do conselleiro de Sanidade e do conselleiro de Educación e Cultura.

A tramitación da modificación da Lei de sanidade, segundo o portal de transparencia, é do mes de abril deste ano —o inicio da tramitación—; e, sen embargo, publícase no portal de transparencia a inicios do mes de agosto. En principio, dáse un prazo breve de quince días para presentar alegacións e logo esténdese pero só até o 1 de setembro. Por tanto, o mes de agosto é o período útil no que a sociedade ten a posibilidade de presentar as súas suxestións sobre este asunto no portal da Consellería. Eu creo que esta secuencia temporal indica xa por que neste mes de agosto sería útil que o conselleiro de Sanidade comparecese nesta Cámara e explicase as razóns para facer os cambios que propón na normativa legal básica sobre a ordenación do sistema sanitario en Galicia. Converteron o mes de agosto en hábil para efectos de discusión pública, un mes que é inhábil para moitos efectos pero é o único posible. A pesar de todo, para darnos medida da importancia desta lei, a día de hoxe estaban presentadas 1.537 alegacións. Pensen que un proxecto lexislativo tamén do ámbito sanitario, en relación coa farmacia, só tivera 15 alegacións. Este ten 1.537, para darnos idea, para darnos medida, da importancia deste proxecto de lei. E, por tanto, sería bo que o Parlamento puidera coñecer as razóns da Consellería de Sanidade e poder discutilas desde a oposición.

Pero paréceme máis importante ir ao fondo —con moita brevidade—. Hai dúas cuestións que nos preocupan especialmente.

A primeira está en relación coa proposta de redución da participación social e municipal a través dos cambios na configuración dos consellos de saúde, que serán regulados mediante decreto da Xunta de Galicia e, por tanto, furtando ao control parlamentario a composición final destes consellos, aos que tamén se lles recortan as funcións para ter menos información, menos capacidade de obter información da que tiñan antes. Por certo, como lembrará o señor presidente do Parlamento, no momento en que se discutiu a Lei do 2008 as propostas do Partido Popular ían xustamente neste punto concreto para solicitar que puidera haber maior información para os integrantes dos consellos e non menos, como agora se propón neste anteproxecto de lei.

E, en segundo lugar, de forma moi importante e en relación coa reorganización do mapa sanitario, créase un novo nivel, que son os distritos, o que vai ser transcendente para a poboación que vive nas actuais áreas sanitarias da Terra de Lemos, de Valdeorras, da Mariña de Lugo e do Salnés, que van ver como perden esa calidade de áreas sanitarias para converterse nun nivel inferior que anuncia un alonxamento da prestación dalgúns servizos sanitarios

que serán trasladados aos hospitais de cabeceira, polo que quedarán estes hospitais das áreas ás que antes facía referencia como hospitais de carácter secundario nesta materia. A nós isto preocúpanos especialmente porque cremos que nun momento en que hai recuperación económica e máis capacidade para obter recursos públicos deberíamos reforzar a prestación sanitaria e o nivel de servizos en vez de recortala.

Por último, en relación coa terceira cuestión, que é a xestión por parte da Fundación Franco das visitas ao pazo de Meirás, aquí a Consellería o que fai é botar balóns fóra. En todo caso, di que non ten ningunha competencia nesta materia. E a verdade é que a nós nos sorprende que isto sexa así. É escandaloso que un organismo como a Fundación Franco —que ten, en fin, unha orientación política extremadamente definida e favorable ao réxime franquista— sexa a encargada de explicarlles aos visitantes, no noso réxime democrático, a historia do pazo de Meirás e os seus valores artísticos e arquitectónicos. Cremos que isto debe resolverse e cremos que a institución que representa os cidadáns de Galicia, como é a Xunta, non pode ollar para outro lado e ten que centrarse nesta cuestión. Hai que coller o touro polos cornos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...e hai que dicir que debemos afrontar isto ben. Por iso a nós nos gustaría, se comparecese o conselleiro —que esperemos que sexa así—, propoñerlle que desde a Xunta de Galicia se cree unha comisión especial con participación das outras administracións implicadas —Deputación da Coruña, Concello da Coruña e Concello de Sada, cando menos, e non sei se a Administración central— que poida analizar a fondo o expediente orixinal que deu lugar á doazón do pazo de Meirás á familia Franco, que dalgunha forma responde tamén a un acto ilexítimo, polo momento en que foi feita e polas circunstancias dese momento, e analizar, á luz da xurisprudencia internacional e dos exemplos que existen noutros países, se hai algún procedemento legal para poder proceder á súa reversión, porque hai vicios de nulidade en todo isto.

A nós gustaríanos que isto puidera facerse co consenso de todas as administracións e dos grupos políticos. E, se non se produce esa comparecencia, activaremos outros procedementos parlamentarios para que isto sexa posible.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, bos días a todos e a todas.

Ben, os puntos —diferentes e importantes os tres— teñen algo en común, e é a subordinación política e a submisión do presidente Feijóo, do Goberno da Xunta de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular ante determinados poderes e intereses por riba dos intereses xerais de Galicia, por moito que pregoen que só serven a Galicia. Multiplícanse os episodios que evidencian esta submisión e subordinación política do presidente Feijóo, da Xunta de Galicia

e do Grupo Parlamentario Popular, subordinación e debilidade democrática fronte ao vello e o renacido franquismo que se acantoa en Meirás; subordinación e submisión institucional fronte ao Goberno central en asuntos estratéxicos para Galicia como a AP-9. Eu tamén me sumo. Supoño que non se lle dixo nada ao presidente do Estado, Rajoy, cando veu a Cotobade, nin o presidente do Goberno nin o presidente do Parlamento —que supoño que tamén estaría por alí—. E iso non é unha forma galega de facer política, iso é facer política de colonizado. Cando se enfrontan, cando se atopan, o presidente de Galicia co presidente do Estado español, o presidente de Galicia ten que, primeiro, defender os intereses dos galegos e das galegas. E o señor Feijóo díxolle «si, señor, amén».

Subordinación ao negocio privado das empresas, debilidade extrema do seu compromiso social, impulsando a mercantilización, seguindo o impulso da mercantilización da sanidade pública e a desatención dos doentes... Este tipo actuacións do Partido Popular devalúan o noso autogoberno: submisión, ineficacia e concesións permanentes aos poderosos que pagan os cidadáns.

Feijóo dálle as costas á dignidade democrática e non quere poñer couto aos desmáns dos herdeiros do ditador nin se enfronta a eles nin fronte á cínica Fundación Francisco Franco. Non só se trata de aplicar a legalidade vixente; tamén, se é preciso, traballar por mudar a legalidade que permite que estas fundacións existan no Estado español se hai vontade política. O presidente da Xunta de Galicia ten que estar ao carón das vítimas, defendendo a recuperación para o pobo do que foi roubado ao pobo. Xa sabemos que Meirás foi conseguido a punta de pistola, baixo coaccións e ameazas dun réxime violento e cruel, a pesar de que algúns dediquen moito esforzo a branquealo e suavizalo; nós non.

Non se enfronta co pasado franquista da dereita española, non se enfronta á dereita do Goberno central. O señor Feijóo é submisivo diante de Génova e manso ante a Moncloa. Nin se sacrifica nin está ao servizo de Galicia. E iso estao a demostrar. Ao contrario, sacrifica os intereses dos galegos e traga rodas de muíño. E cala cando ve a aldraxe que se comete con Galicia coa AP-9, con argumentos falaces e antidemocráticos do Goberno central. Non di nada, cala e atende solícito a todos os intereses de determinadas empresas que queren facer negocio coa sanidade. A eses xa serviu no seu comezo da carreira política, segue servindo e veremos se no futuro seguirá servindo. E o resto de deputados do Partido Popular tamén calan e din amén, están para apertar o botón do que lles din.

Co pazo de Meirás —que é o búnker do vello e o novo franquismo— nós cremos que o Partido Popular ten que estar do lado dos demócratas e apoiar as reclamacións do Concello de Sada para recuperar o patrimonio público do pazo de Meirás, que foi roubado. Gustaríanos, e sabemos que hai moita xente que pertence ao Partido Popular á que lle gustaría que estivese aí, pero a súa dirección non se atreve a desafiar determinados poderes que haberá dentro do seu partido que seguen defendendo o seu pasado franquista.

É impresentable o que pretende facer a Fundación Francisco Franco nun réxime democrático. Sexa unha persoa de dereitas ou de esquerdas debe interpretalo do mesmo xeito. E se a legalidade permite que esa fundación faga determinadas declaracións haberá que facer unha fronte democrática para cambiar a legalidade que permite facer iso; e, se non, ver se a legalidade

permite que non se faga iso. E aí, na fronte democrática, debería estar o Partido Popular, que polo de agora non está, como se está vendo en cada un dos posicionamentos que fai.

Por outro lado, coa AP-9, a actuación do Partido Popular e do Goberno da Xunta ante este asunto mostra ben ás claras que son cómplices do que está a pasar. Calquera de vostedes sabe que os argumentos esgrimidos polo Goberno son falaces, mentireiros, manipuladores e antidemocráticos. Non se lle viu ningunha declaración contundente ao presidente da Xunta defendéndoo. Ante outros asuntos, si que aparece o señor Feijóo; pero, ante a defensa contra esta aldraxe, non se ve.

E falando da Lei de sanidade —creo que xa me queda pouco tempo—... Bueno, antes de nada, a AP-9 —eu non me canso de repetilo porque non hai que esquecer a historia— vostedes privatizárona a prezo de amigo. E esas decisións que tomaron vostedes agora pagámolas por anos e anos os galegos e as galegas. Foi privatizada a prezo de amigo, privatizada a amigos. E iso non convén esquecelo cando falamos deste tema porque é o fundamental. Vostedes deixaron amarrado este asunto, como tamén se deixou amarrada a legalidade do franquismo na presunta democracia.

Da Lei de sanidade xa dixeron aquí que, con nocturnidade e aleivosía, se utiliza agosto para presentala. Nisto, como xa é un clásico, vai empezarse a falar de «agostidade» e aleivosía, porque é sistemático por parte da Xunta, que despreza, evidentemente, o traballo parlamentario e aproveita estas argucias.

Unha vez máis é guiarse só por criterios economicistas e ver o que é un servizo público para todos e todas como un negocio. E o avance das decisións lexislativas para darlle negocio ás empresas privadas foi constante durante o goberno do señor Feijóo; polo tanto, non nos sorprende. Agardemos que haxa unha oposición social, que si defende como un dos grandes logros neste país unha sanidade pública que garanta a igualdade de todos neste servizo, que bote para atrás moitas das medidas que se propoñen.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo grupo parlamentario non propoñente, o Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Pese a que apenas pasaron catro semanas desde que celebramos a última deputación permanente, eu creo necesario recordar —como xa fixen daquela— que, dado que o traballo parlamentario se divide en períodos ordinarios nos que as cámaras están constituídas e están perfectamente reunidas, hai períodos non ordinarios ou extraordinarios nos que as cámaras están non reunidas e que, polo tanto, evitan que se poida facer control ao Goberno. Como é sabido, a doutrina constitucional é partidaria destes períodos das chamadas vacacións parlamentarias, mesmo hai algún que fala de que afortunadamente hai espazos de tempo nos que o Parlamento non está reunido. E iso é así porque iso permite programar a acción do

Goberno sen a perentoriedade do control parlamentario. Permite tamén reducir a crispación, cousa que, por certo, algo se apreciou nas intervencións que me precederon, quizais agás a última, na que o descanso parece que foi menor. E, en terceiro lugar, permite ter unha relación máis próxima cos cidadáns, que no caso noso, por exemplo, nos permitiu comprobar, efectivamente, eses datos económicos que din que a economía galega medra o 3,2, por riba da economía española, que as exportacións están medrando por riba do 5 —acaba de saír o informe de Baexga, que di que estamos cun comportamento extraordinario das exportacións— ou mesmo que a industria manufactureira está dando pulo á economía galega. Pois iso tamén é algo que se comproba cando un está na rúa e non tanto pechado aquí, ou cos conmlitóns en procesos de elección interna.

Obviamente cada un pode utilizar o período de vacacións parlamentarias para o que queira. Pode utilizalo para resolver procesos internos, pode utilizalo para facer encontros ou para ter desencontros —nós, de feito, utilizámolo para facer un encontro, efectivamente—. Ou mesmo pode aproveitarse para tuitear apoios a procesos de independencia que contra toda constitucionalidade pois teñen lugar en pleno agosto. Pero, bueno, iso tamén é unha acción individual e, evidentemente, cada un pode dedicar o tempo do que é o período non ordinario ao que queira.

Pero, mentres a Cámara non está reunida, está a Deputación Permanente, que vela polas funcións da Cámara e que, entre esas funcións, ten a principal, que é que, se hai algo urxente, perentorio ou algo que vén sobrevido, se pode convocar un pleno extraordinario para poder falar sobre iso.

E a segunda función que ten é a política e a publicidade, e nisto é no que estamos e, polo tanto, non hai nada que obxectar para que nos reunamos na Deputación Permanente. Non hai control ao Goberno pero hai un debate que permite darlle caña ao Goberno e sobre uns temas sobre os que eu, evidentemente, pois teño que pronunciarme.

O primeiro é o da autopista. Este é vello, xa veu na última deputación permanente. Non pasou nada desde entón, non houbo ningún incidente na autopista, non houbo esas colas que dicían que ían existir, e as obras seguen na ponte de Rande. O que si cambiou é que se asinou o convenio co Ministerio e, polo tanto, Galicia xa está aforrando 7 millóns de euros das peaxes de Rande e A Barcala, que, bueno, isto non o firmou este goberno senón que o firmou o Goberno do bipartito —como todos sabemos—. E creo que xerou un avance, unido a unha comisión de coordinación, que probablemente ten algo que ver con que este ano, pese ás obras, non houbera incidentes na AP-9.

Nós mantemos o noso compromiso coa transferencia. Lamentamos que neste momento a Administración do Estado non estea proclive a que se produza pero non imos tirar a toalla. Mantemos o noso compromiso e esperamos manter a unidade desta Cámara nesa reivindicación.

En relación coa reforma da Lei de saúde é un tema certamente importante, porque vai dirixido a mellorar a prestación dos servizos sanitarios, que xa son uns dos mellores do mundo, como fixo público o informe *The Lancet*, e vén sumarse a outras cuestións que leva facendo este goberno, que está construíndo hospitais e centros de saúde en plena crise, como ningún

outro goberno autonómico, que está a mellorar os servizos sanitarios, que está a mellorar a coordinación entre primaria e hospitalaria e que vén de presentar un anteproxecto que está de acordo coa Lei de transparencia na fase máis inicial de todas, que é a fase de alegacións a ese anteproxecto. Está publicado desde o 2 de agosto. Efectivamente, prolongouse ata finais de agosto en quince días o prazo que prevé a Lei de transparencia. Dise que se fixeron 1.500 alegacións. É certo, e iso quere dicir que, evidentemente, o prazo non era malo, aínda que tamén é certo que das 1.500 probablemente haxa moitas que son homoxéneas e inspiradas por algunha organización sindical, pero, bueno, iso non lle quita valor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Estamos nesa fase tan provisional na que despois o Goberno verá que alegacións acepta ou non acepta, fará un proxecto de lei, traerao á Cámara, na Cámara poderemos abrílo novamente á cidadanía para que presente alegacións a través do sistema «Lexisla con nós» antes de que os grupos poidan facer emendas e, finalmente, faise o trámite parlamentario con posibilidade de diálogo e de emendas.

Bueno, estando nesta fase inicial, sendo unha cuestión moi importante, non parece que sexa tan urxente que compareza aquí o Goberno, cando, polo demais, son públicos —porque están na páxina web— os obxectivos desta norma. O primeiro e fundamental é mellorar —é algo que tiñamos nós no programa electoral— todo o sistema sanitario para enfocalo no paciente: mellorar os servizos hospitalarios, mellorar os servizos hospitalarios comarcais, aproximar a sanidade á cidadanía e mellorar a participación con órganos de representación local, comarcal e autonómica. Para iso créase o distrito sanitario vencellado aos hospitais, que permite coordinar a atención hospitalaria, a primaria e tamén a sociosanitaria. A área sanitaria consolida os modelos de EOXI. Nos últimos tempos, desde que se puxo en marcha o modelo EOXI, evitáronse 200.000 desprazamentos aos grandes hospitais das áreas para intervencións cirúrxicas; e pretende consolidar ese modelo de proximidade. Evidentemente, o que estamos a comprobar é que, lonxe do que se di nos moitos hospitais comarcais, o que hai é moita dificultade para que se presten, por falta de profesionais, determinados servizos especializados. Do que se trata é de coordinar cos grandes hospitais, precisamente, a xestión hospitalaria, de tal maneira que pase o mesmo que pasou con esas 200.000 persoas, que xa non se tiveron que desprazar ao hospital da área para poder ser intervidos polo mellor especialista posible, porque é o especialista o que se despraza ao hospital comarcal.

Polo tanto, nin altera a asignación de médico, nin altera a asignación do hospital, nin reduce a importancia dos hospitais comarcais; o que fai é mellorar a atención ao paciente. Ese é o obxectivo da reforma que marca o Goberno, como, por certo, vén facendo desde hai tempo.

No ámbito dos comarcais —que é onde parece que vostedes están xa colgando carteis nesta fase tan preliminar da tramitación da lei—, resulta que nos hospitais comarcais nestes momentos se están executando máis de 11 millóns de euros para amplialos e modernizalos. Os plans directores do Hospital do Salnés e do Hospital da Costa están aí, están as obras en marcha. Pero, con respecto aos servizos, quero recordar que hai novas consultas de especialidades realizadas por facultativos dos hospitais de referencia nos hospitais comarcais, que son as seguintes: hai oncoloxía médica no Salnés; uroloxía, no Barbanza; anatomía patolóxica, cardioloxía, oncoloxía e rehabilitación, no Hospital da Costa; alergoloxía e oncoloxía, en Monforte;

endocrinoloxía, no Hospital Virxe da Xunqueira de Cee; reumatoloxía, en Verín; dixestivo, endocrinoloxía, medicina preventiva, reumatoloxía, rehabilitación e uroloxía, en Valdeorras. Se isto é intentar cargarse os hospitais comarcais e non mellorar a atención dos pacientes desas comarcas pois a verdade é que eu non entendo nada. Dito isto, teremos tempo.

Eu o que espero é que non se produzan, como no pasado, intentos de dicir cousas nas que despois o tempo deu a razón a quen a tiña; é dicir, á maioría. Nós nin fixemos copagos na sanidade, como, por certo, si seguen en Portugal... (*Murmurios.*) (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) Non hai copago por ir ao médico, señora Prado. E alégrome de que teña boa saúde e de que non tivera que asistir á sanidade pública, pero non hai copago médico, como si o hai en Portugal, país no que goberna a esquerda e que é exemplar para vostedes. Iamos pechar os hospitais comarcais e os puntos de atención continuada, iamos pagarlles aos médicos porque deran altas hospitalarias... Bueno, en fin, o que fixemos foi reforzar a pública.

E, desde logo, no que é a ordenación, a min paréceme a máis sensata dalgunhas que houbo no pasado, tamén na etapa do Bipartito, como, por exemplo, a anunciada dependencia do Hospital da Mariña do Hospital de Ferrol, que, evidentemente, con este novo sistema, parece que é mellor. Eu confío en que neste tema haxa responsabilidade porque no que si estamos todos de acordo é en mellorar a sanidade pública.

Finalmente, tema do pazo de Meirás. Neste ano —que nós saibamos— non houbo ningún incidente en relación con persoas que quixeran visitalo e non puideran. Non houbo tampouco ningunha denuncia porque se fixera apoloxía do franquismo nas visitas. Evidentemente, a Xunta está a cumprir a lei no marco das súas competencias. E, evidentemente, o que non vai facer a Xunta —nin creo que nós lle debamos pedir— é que incumpra a lei. Está clara a vontade da Xunta de non tolerar que se incumpra a Lei de patrimonio e de non tolerar que se faga apoloxía do franquismo na visita a Meirás, e mesmo no momento en que alguén denuncie que a dita apoloxía se produce haberá denuncias á Fiscalía.

Estamos ante un uso simbólico do pazo, pero ten un uso simbólico nun dobre sentido. Ten un —que nós compartimos—, que é certo que é propiedade dos herdeiros do ditador; e ten un vicio orixinario esa adquisición: foi feito en plena Guerra Civil e consolidouse tras corenta anos de férrea ditadura. Polo tanto, ten un vicio de orixe que fai que sexa simbólica esta exhibición dos herdeiros, que, certamente, comprendemos que ofenda a moitas das vítimas do franquismo. Polo tanto, nós estamos de acordo con que iso debe evitarse a toda costa.

Pensamos que o razoable é voltalo ao público, que sería o lóxico. Evidentemente, hai que facelo legalmente, pero xa hai un primeiro sistema que é legal, que é que a propia familia se decate de que debe devolver esa propiedade a quen lla deu ao antigo xefe de Estado. Pero tamén é simbólico nun segundo sentido, ao que eu me quero referir, porque houbo alusións directas a este tema. Fálase moito do pazo de Meirás máis que nada porque hai un intento claro de vencellar isto ao que é un partido democrático e que, por tanto, está oposto a toda forma de ditadura e tamén a toda forma de dexeneración da democracia en réximes autoritarios, xa se produzan en Polonia, en Venezuela ou en Cataluña, dános absolutamente igual; (*Murmurios.*) países que camiñan cara ao autoritarismo e que nós denunciaremos sempre. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E nós non defendemos a ditadura franquista; non somos franquistas, somos un partido democrático. No pasado demostrouse cando os que si eran franquistas e Alianza Popular decidiu votar a Constitución abandonaron Alianza Popular, porque votou que si á Constitución e se integrou no sistema democrático, crearon unha nova forza política encabezada por don Federico Silva e por don Gonzalo Fernández de la Mora, que se chamou Dereita Democrática Española, que se presentou ás eleccións do 1979 e fracasou estrepitosamente xusto na campaña na que a extrema dereita franquista foi representada por Blas Piñar, que foi deputado en Cortes. Nin o é no pasado desde que aprobamos a Constitución nin, certamente, o é no presente. Nesta Cámara xa condenamos no 2008, no 2014 e no 2016 o franquismo. E votamos as condenas porque non somos franquistas e porque non compartimos nin as ideas, nin os principios, nin o ideario, nin o proceder da Fundación Francisco Franco, nin da familia nestas circunstancias, nin, por suposto, pensamos que deban manterse moito tempo, porque cremos que non favorecen a convivencia democrática.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Agora ben, curiosamente —insisto—, unha das cuestións que é lei *leitmotiv* constante desta fundación é que a Transición española foi unha inmensa traizón ao franquismo. Critican a Transición porque permitiu traizoar o franquismo. Nós seguimos a defender a Transición —hai outros que son críticos coa Transición, que creo que tamén deberían de sumarse a defendela—, e porque defendemos a Transición e non compartimos os principios que defenden os que pretenden volver traer un sistema ditatorial, seguimos apoiando a Constitución do ano 1978...;

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...unha constitución aberta, democrática, que incluso permite que sexan legais forzas políticas que están en contra do sistema, sexan franquistas ou sexan comunistas. E recórdolles que na República Federal Alemá está prohibido o partido nazi, pero estivo durante moito tempo prohibido tamén o Partido Comunista porque compartían un mesmo obxectivo, o de cargarse a democracia liberal e parlamentaria...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: ...que é o que nós defendemos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Señor presidente, remato dicindo...

O señor PRESIDENTE: Remate xa, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...que nós seguimos defendendo a democracia, que, polo tanto, non compartimos en absoluto o uso que se lle está a dar ao pazo e tamén que sería bo buscar... E tomamos nota da interesante proposta do Partido Socialista.

En resumo, evidentemente, ningún dos tres temas son o suficientemente urxentes nin extraordinarios como para que aprobemos unha comparecencia extraordinaria do Goberno no período non ordinario.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: En breve teremos ocasión de debater todos estes temas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: ...porque somos tan democráticos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: ...que respectamos que o 80 % das cuestións que se debaten nesta Cámara...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: ...sexan a proposta da oposición.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy. Terminou o seu tempo.

O señor PUY FRAGA: Estou seguro de que estes virán nos vindeiros meses.

O señor PRESIDENTE: Xa terminou o seu tempo. Grazas.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Rolda de réplica.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

O señor Puy acabou defendendo a democracia pero empezouna atacando, porque viu facernos aquí un alegato de que como mellor está o Goberno e a economía é co Parlamento de vacacións. (*Murmurios.*) É dicir, que a democracia funciona mellor (*Murmurios.*) cando o Parlamento non funciona, ¡esa foi a súa gran tese! Xa lle dixen que creo que na Facultade de Ciencias Políticas estarán encantados e encantadas de que vostede vaia disertar sobre esa preocupante teoría de que o funcionamento do Parlamento e, polo tanto, da democracia é prexudicial para o bo funcionamento da economía e do propio Goberno. Esas son as súas ideas.

Nós seguimos insistindo en que o que é anormal... (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) —non se altere, señor Puy—. (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) O que é anormal, en todo caso... (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu escoiteino con absoluta tranquilidade... *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* Non sei por que se pon tan nervioso, señor Puy.

O señor PRESIDENTE: Silencio. Non interrompa, se non, non terminamos. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: Parece que está radicalizado nas vacacións..., *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PONTÓN MONDELO: ...non lle funciona o relax parlamentario. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Puy, silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Nós entendemos que precisamente as argumentacións que acaba de dar o voceiro Popular... *(Murmurios.)* Se se tranquilizan... Vexo que lle sentaron mal as vacacións ao seu grupo. En fin... *(Murmurios.)* Eu procuro escoitar, pero xa vexo que non é a norma nesta Deputación Permanente.

Nós o que dicimos é que a argumentación que acaba de facer o señor Puy, o que di, é que é unha pena que non aproveitamos o mes de agosto para falar sobre temas relevantes que no inicio deste curso político se van dirimir, e un caso moi concreto é o da AP-9.

A min paréceme un escándalo que o presidente da Xunta, dous días despois de votar a favor da transferencia, porque veña aquí o señor Íñigo de la Serna nos diga que aparca a solicitude de transferencia que aprobamos todos e todas, porque iso é traizoar a este Parlamento e traizoar a este país. Penso que o lóxico tería sido que o presidente da Xunta dese a cara ante un feito de tanta gravidade. Sobre todo porque aquí non vai haber unha rebaixa das peaxes, o que está preparando o Partido Popular é unha subida das peaxes para o vindeiro ano e un veto á transferencia da AP-9, algo que, por certo, xa teñen Euskadi e Cataluña desde hai décadas, e mesmo algunha desas transferencias fíxose durante gobernos do Partido Popular. E ten que explicarnos Alberto Núñez Feijóo por que traizoar, e nun momento no que podíamos conseguir isto —porque ademais non hai maioría no Congreso dos Deputados—, o único que fai é poñerse de ganchete co Partido Popular e ir en contra do interese xeral dos galegos e das galegas. De verdade que non vexo que hai máis importante para este país que saber por que se traizoan os acordos dun parlamento.

¿Como é posible que o presidente da Xunta lle dea a espalda a Galiza e lle tenda a man ao señor Rajoy para subirnos as peaxes o ano que vén, que é o que están facendo vostedes neste momento?

Claro, as peaxes páganos os galegos e as galegas. As peaxes págaas a economía do noso país, que ve como para exportar os seus produtos no fondo é como se moitas das nosas empresas

estivesen pagando un imposto á circulación. E os galegos e galegas, desde logo, creo que xa estamos fartos e fartas desta situación e de ver como ao final vostedes o único que fan é defender o negocio da concesionaria e ir en contra dos intereses deste país. ¡Non entendo como isto non se fai!

Da mesma maneira que non ten lóxica que se presente un anteproxecto no mes de agosto. E se houbo 1.500 alegacións en agosto, imaxine as que habería se se chega a facer fóra do período de vacacións. ¡Imaxine as que habería! ¿Por que?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Porque estamos falando de algo que é moi importante. E saben que intentaron facer iso no mes de agosto para evitar precisamente que a xente se enterase. Vir aquí dicirnos que non houbo alegacións e entón que non hai ningún tipo de problema, que a sociedade está de acordo coa privatización que vostedes poñen en marcha.

Por certo, debería vostede falar máis coa xente. Incrementáronse as listas de espera; temos listas de espera en atención primaria; pecharon camas outra vez no verán; vemos como hai consultorios médicos pechados no verán. ¿Esa é a maneira que vostedes ven de mellorar a sanidade?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: E, mire —vou rematando, se me permite, presidente, que tiver tamén algunha interrupción—, ¿vostede vén aquí dicirnos que están a favor de que a familia Franco devolva o pazo de Meirás? ¿Están a favor? Pois van ter oportunidade, no vindeiro pleno, de votar unha iniciativa do BNG na que pedimos que devolvan o pazo que foi roubado á xente de Sada durante o franquismo. Estará moi ben comprobar cal é realmente o seu compromiso coa democracia e coa restitución dun dereito do pobo de Sada. Que declaremos familia non grata á familia Franco e á Fundación Francisco Franco, que non é que o fixera, é que fixo un escrito público...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...dicíndonos —remato, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que ían facer apoloxía do franquismo.

E recoméndolle que faga algo moi sinxelo, que é chamar ao teléfono da Fundación Francisco Franco que está difundindo a Xunta de Galiza para poder contactar coa fundación. *(A señora Pontón Mondelo exhibe o son dun teléfono.)*

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PONTÓN MONDELO: Isto é o que din durante todo o mes. Non se poden realizar chamadas a esa fundación porque este teléfono...

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, non. Señora Pontón, iso non está permitido.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que anuncia a Xunta de Galiza...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...resulta que leva todo o mes apagado...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e a Xunta non fai nada. Non hai ningún problema. Iso si, vostedes están comprometidos coa democracia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...en fin.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor. Continuamos coa Deputación Permanente.

Señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días de novo.

Eu agradezo a sinceridade do portavoz parlamentario do Partido Popular en toda a súa intervención, aínda que non comparta algunhas das afirmacións que fixo. A verdade é que me chama a atención esta idea de defender as vacacións parlamentarias porque é necesario que o Executivo funcione sen control parlamentario. Se isto... (*Murmurios.*) Si, si... (*Murmurios.*) A ver, se unha parte da doutrina di que é, e se ve favorablemente isto... É dicir, chámame a atención isto.

En todo caso, terá que recoñecer comigo que os datos económicos que se coñecen non falan do mes de agosto —que, entre outras cousas, aínda non concluíu e, por tanto, non hai datos posibles—, senón que falan de períodos anteriores nos que si estaba reunido o Parlamento. Polo tanto, a economía vai ben tamén cando está reunido o Parlamento e non só... (*Murmurios.*) (*Risos.*) Ben, vamos centrar isto.

Pero sinceridade sobre todo na defensa do anteproxecto, porque o que non se está dicindo é que fan falla máis profesionais e que non hai suficientes para os hospitais comarcais. Claro, é que levan vostedes xestionando a sanidade nos últimos dez anos en Galicia. É dicir, o nú-

mero de profesionais dispoñibles para poder acudir aos hospitais é unha decisión en boa medida da Xunta de Galicia. Se non hai eses profesionais, é que algo falla na política sanitaria.

Contou vostede tamén unha relación daquelas especialidades que están dispoñibles en cada un dos hospitais comarcais. O que non nos dixo é que están dispoñibles nese hospital pero que non están dispoñibles no resto dos hospitais comarcais. Non están dispoñibles no resto e, por tanto, hai claramente un déficit de prestación dos servizos. Estanse centralizando os servizos nos hospitais de referencia, e isto é unha evidencia. Esa era a intención das EOXI, e con esta nova volta estase indo un pouco máis alá neste camiño da centralización dos servizos.

Por último, eu tomo nota e valoro moi positivamente esa firme defensa dos valores democráticos e do sistema democrático que fai o portavoz do Partido Popular, porque creo que necesita esta sociedade despegar dunha vez por todas esa dúbida do compromiso do Partido Popular co sistema democrático, e declaracións como esa van nese camiño e paréceme moi positivo. Pero tamén lle digo que nós imos facer unha proposta na liña do que eu antes apuntaba, para crear unha comisión que, coa participación de todas as administracións, liderada pola Xunta de Galicia, revise a fondo as condicións en que se fixo ese tránsito da propiedade do pazo de Meirás á familia Franco. Que poida ser revisada e, se é o caso, poida permitirse un retorno ás mans do pobo de Galicia pola vía administrativa que sexa máis conveniente. Que poida haber un ditame técnico que nos diga cales son as vías. E, se non hai ningunha, como podemos proceder aos cambios na lexislación que permitan que esas vías se activen. A min iso é o que me interesa no fondo.

Claro que hai que resolver a encomenda á Fundación Franco, que non é a instancia máis adecuada para proceder a organizar as visitas. Claro que hai que resolver ese tipo de temas. Pero vaíamos ao fondo do asunto e resolvámolo entre todos, se hai un compromiso unánime desta Cámara —como parece— para que iso sexa así.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Puy, o meu ton non ten nada que ver coa miña situación persoal de descanso ou de cansazo, senón coas súas actuacións. E canto máis descanso, máis vexo con perspectiva cales son as súas actuacións, por iso, se cadra, aínda foi máis crispado que antes de irme de aquí. Cando ves con perspectiva cuestións como as da AP-9, que vos tedes calan, cando calan ante ese atropelo.

Vostede falou de que nós preferimos facer encontros que desencontros. Bueno, para o interese xeral, se cadra, de vez en cando un desencontro con quen aldraxa Galicia non estaría mal. Vostedes prefiren levarse ben a pesar de que faga iso o señor Rajoy, pois non están servindo ao interese xeral. Vostedes están servindo ao Partido Popular, pero non ao interese xeral. Polo tanto, un desencontro a raíz destes feitos non estaría mal e beneficiaríanos moito.

Vostede falou dos beneficios económicos que un acordo co Goberno ten. Bueno, o balance xeral dos seus acordos é moi negativo, porque o seu acordo hai anos foi privatizar a AP-9 e permitir que a día de hoxe a concesionaria obteña cada ano máis de 40 millóns de euros de beneficios despois de impostos, 1 de cada 3 euros, e iso pagámolo todas e todos. Polo tanto, o balance xeral da súa actuación, do Partido Popular, para beneficiar a uns amigos é bastante negativa para o país. E vostedes, cando se privatizou, en Madrid foron os instigadores desa privatización a prezo de amigo e aquí calaron, co señor Feijóo de conselleiro de Política Territorial, a quen non lle recordo ningunha declaración de indignación como as que fai contra Cataluña agora.

Por outra banda, o pazo de Meirás. A vostede escapóuselle —foi un lapsus—, dixo: «somos franquistas». Foi un lapsus que tivo. Pero fixo unha defensa de que non, de que vostedes non son franquistas. Bueno, pois as actuacións son diferentes. Mire, coñece a Rafael Hernandez, ¿verdade? É o portavoz no Congreso dos Deputados do Partido Popular. (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) De vista, si. Sabe o que dixo, ¿verdade? ¿Sabe o que dixo? Dixo hai ben pouco aínda que os familiares das vítimas se moven cando hai subvencións, e segue sendo un home forte do Partido Popular. Ou, por exemplo, cando vostedes votaron en contra dunha iniciativa lexislativa deste grupo para modificar a Lei de memoria histórica. Non sei se vostede pensa que para ser como Francia, como Italia ou Alemaña —que vostede nomeou— non fai falta cambiar a Lei de memoria histórica, por exemplo, para que declaracións da Fundación nacional Francisco Franco neste Estado non sexan permitidas. Non sei, vostede votou en contra de abrir unha vía para a devolución do pazo ao patrimonio público e que pase a ser un símbolo da dignidade das vítimas. Vostedes votaron en contra cando tiñan un trámite para modificar a lei e adaptala como vostedes quixeran ou como todos acordamos. Votaron non.

E despois vostede fala de vías para a recuperación. Bueno, ábrese un camiño. Vostede falou de que a familia devolva. Eu non sei se esta é a vía Puy para a obtención do pazo de Meirás. Se sabe algo, se falou coa familia e se teñen intención de que devolvan o pazo. Home, nós preferimos explorar outras vías. Hai vías. E se vostedes se suman ao bando democrático, pois benvidos sexan.

Por último, tamén dicir, con respecto á Lei de sanidade, que vostede intentou xustificar por que se presentou no momento que se presentou, con pouco éxito, e fixo unha serie de enunciados de logros na sanidade. Non sei se escoitou unha última información sobre a situación do Courel nas vacacións do verán, cando se teñen que turnar unha enfermeira e un médico para atender a toda a poboación do Courel. E iso precisamente é derivado de aplicar só o criterio economicista no país a todos os niveis. E ese criterio economicista o que fai é que esas zonas, como o Courel, cada vez teñan menos posibilidades de futuro. Porque, claro, non hai poboación para manter un sistema de saúde, e como non hai poboación, recortámoslle. Entón, ese recorte provocará que haxa menos posibilidades de que haxa poboación para que haxa servizos.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ese é o círculo vicioso no que vostedes nos teñen metidos con decisións como a que queren tomar co anteproxecto da Lei de sanidade.

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Rematado xa o tempo de debate, procedemos a votar a solicitude dun pleno extraordinario formulada por petición dos tres grupos parlamentarios.

Votamos.

Votación da solicitude de convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno por petición dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 12.

O resultado da votación é negativo.


En consecuencia, queda rexeitada a solicitude dun pleno extraordinario.

O señor PRESIDENTE: Non habendo máis asuntos, levantamos a sesión.

Remata a sesión ás doce e cincuenta e cinco minutos do mediodía.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25